



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE
SANTIAGO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y D.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CAMPIONATO DE ESPAÑA SÉNIOR DE LOITAS OLÍMPICAS

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. FRANCISCO JAVIER IGLESIAS SERNA, con documento nacional de identidade número 30 570 630L, Presidente da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y D.A., con domicilio en Madrid na rúa Amos de Escalante núm. 12-baixo, con CIF Q2878024E, co número de Rexistro de Asociacións deportivas do Consello Superior de Deportes número 28.

Interveñen as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, acordando

EXPOÑER

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- IV. Que o Concello de Santiago de Compostela para levar a cabo a colaboración coa FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS OLÍMPICAS Y D.A. (en adiante FELODA), obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2019, que de acordo co seu artigo 33 achegará a cantidade de **dez mil cincocentos euros (10.500,00.-€)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 48900.

E, polo que as partes

CONVEÑEN

1º.- Que é obxecto deste convenio a colaboración entre as partes para a promoción do deporte na cidade e, en particular, da práctica e difusión da loita a través da realización dun campionato nacional, na que participaron aproximadamente 400 deportistas, denominado "Campionato de España Sénior de Loitas Olímpicas" (loita feminina, loita grecorromana e loita libre olímpica). A FELODA organizou e desenvolveu esta actividade deportiva os pasados días 01 e 02 de marzo.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE
SANTIAGO

2º.- A FELODA como organizador do evento, fíxose cargo dos medios materiais e humanos precisos para o bo funcionamento da actividade co fin de garantir un correcto desenvolvemento da mesma, ademais, definiu e aplicou unha normativa xeral de competición ou regulamento particular que preservou a igualdade entre os participantes e estableceu as condicións da competición.

A FELODA manifestou a súa vontade de adoptar todas as medidas necesarias que posibilitou a boa orde e seguridade dos participantes, cumprimento de horarios, disciplina e espírito deportivo da competición, así como, acadou os permisos que foron necesarios ante as autoridades e organismos que corresponderon, e aplicou aquelas normas e regulamentos que foron de obrigado cumprimento para este tipo de propostas.

3º.- O Campionato de España de Loitas Olímpicas desenvolveuse no Pavillón Municipal de Santa Isabel, sendo responsabilidade da FELODA adoptar todas as medidas de seguridade, control de aforo, evacuación, sanitarias e demais requisitos que determinen as normativas existentes e os propios plans de evacuación/autoprotección dos recintos.

A maiores, a entidade dispuxo dun seguro de responsabilidade civil en contía suficiente para dar cobertura ás posibles incidencias que poidan derivarse da organización desta competición, que de cumprimento ao establecido na lexislación vixente de espectáculos e actividades recreativas de Galicia. Ao mesmo tempo, tivo que ter contratado un seguro de accidentes para cubrir a asistencia sanitaria de todos os participantes, en caso de accidente deportivo.

En consecuencia, a súa organización supuxo asumir unha serie de gastos necesarios para o desenvolvemento da proba que garantiu, cando menos, o citado nos parágrafos anteriores.

4º.- En todo tipo de publicidade e información tivo que facer constar a colaboración municipal para o desenvolvemento desta actividade mediante a inclusión, cando menos, do anagrama do Concello de Santiago en anuncios, material publicitario e carteleira en xeral, así como, nos lugares de competición, inauguración e clausura, onde previamente se determinen.

5º.- A FELODA comprometeuse a presentar, antes da sinatura do presente convenio para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

5.1.- Copia da escritura de constitución da entidade e do poder de representación da mesma.

5.2.- Certificación oficial da Federación Española de luchas olímpicas y DA outorgando á organización da actividade Campionato de España Sénior de Loitas Olímpicas: loita feminina, loita grecorromana e loita libre olímpica, así como, a data de celebración do mesmo.

5.3.- Certificación da entidade, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, da liquidación orzamentaria detallada de ingresos e gastos ocasionados na realización deste evento.

5.4.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e coa Axencia Estatal da Administración Tributaria. Non obstante, se o considera oportuno poderá dar autorización escrita para que o Concello poida directamente realizar as consultas pertinentes para estes supostos en calquera fase do procedemento.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



5.5.- Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5.6.- Copia do CIF da Entidade

5.7.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure a entidade como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

6º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

7º.- Pola súa parte, o Concello de Santiago comprométese a subvencionar á FELODA coa cantidade de **10.500,00.-€** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 48900, destinados á axuda do financiamento dos conceptos de gasto e contías que a continuación se detallan e que figuran expresamente no orzamento xeral da actividade:

Aloxamento organización e árbitros	7.216,00 €
Aluguer pantalla-banners periféricos – Montaxe/desmontaxe e técnico	4.235,00 €
Medallas	1.046,65 €
Transporte tapices	1.633,50 €
Total do orzamento por estes conceptos:	14.131,15 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado pola FELODA para a actividade obxecto de subvención.

8º.- Para facer efectivo o pago é condición necesaria que a FELODA presente no Rexistro Xeral do Concello de Santiago, sempre antes do 30 de novembro de 2019, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

8.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, ter cumprido o obxecto deste convenio.

Presentaranse unha breve memoria na que se inclúan recortes de prensa, fotografías, ..., nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido no punto 4 do mesmo.

8.2.- Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas que se correspondan cos conceptos de gasto e contías que figuran no apartado 7º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2019, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade á data límite de xustificación.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE
SANTIAGO

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 7ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos previstos pola entidade para a organización deste evento, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificativo supere o importe da subvención recollida no mesmo.

Excepcionalmente, só se admitirá o pago en metálico para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos, como restaurantes, gasolineras, supermercados, etc.), non podendo superar en ningún caso a contía de 600 euros. Xustificarse mediante factura ou recibo asinado polo acreedor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

8.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se expresen, tamén baixo a súa responsabilidade, as axudas, subvencións, recursos e ingresos públicos e/ou privados, solicitados e/ou concedidos para o mesmo fin. Esta declaración deberá vir acompañada dunha liquidación do orzamento de gastos e ingresos da actividade.

8.4.- No momento da xustificación deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social e Axencia Estatal da Administración Tributaria mediante certificacións das administracións correspondentes.

9º.- O prazo de vixencia deste convenio remata o 31 de decembro de 2019.

10º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a revogación da subvención prevista no presente convenio.

11º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto terceiro deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación algunha, remitirase un requirimento a entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

13º.- Polo Concello poderá esixirse, a maiores das condicións establecidas anteriormente, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

14º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar a Entidade, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na Lei 38/2003 Xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

15º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES84 0049 6701 1327 1606 7960 (BSCHESMM)**.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



16º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento; e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

17º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

18º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2019.

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo
ALCALDE

Pola FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE LUCHAS
OLÍMPICAS Y D.A.

Asdo.: Francisco Javier Iglesias Senra
PRESIDENTE